

XORNADA

Etiqueta na túa lingua, camiña polo mundo con identidade

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 26 de setembro de 2017



As empresas galegas nos últimos anos incrementan, cada vez máis, os seus investimentos en marketing. Apostar en mercados locais e internacionais cada vez máis competitivos supón investir en valor engadido para os produtos e non cabe dúbida de que a etiquetaxe dos produtos é un elemento fundamental nas estratexias de creación e posta en valor de marcas. Esta xornada pretende analizar a presenza actual da lingua galega e outras linguas minoritarias no campo do comercio e da industria, desde dous ámbitos: a súa presenza cuantitativa e cualitativa neste ámbito económico e social, e as súas posibilidades e potencialidades como valor de marca e como xeradora do valor engadido dos produtos nos novos contextos económicos.

Con tal fin, participan nesta xornada diferentes expertos do ámbito académico, así como representantes de empresas que destacaron, en diferentes sectores, no uso da lingua galega nas súas accións de cara á clientela. O obxectivo é coñecer o impacto, as posibilidades, as dificultades e os desafíos do uso da lingua de Galicia no ámbito comercial, de interese tanto para os investigadores deste ámbito coma para os profesionais e estudantes do sector empresarial e da comunicación corporativa.

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:15 horas

Inauguración

10:30 horas

Etiquetaxe en galego e dereito

José Antonio Gómez Segade, catedrático emérito de Dereito Mercantil, Universidade de Santiago de Compostela

11:30 horas

Pausa

12:00 horas

Mesa redonda

A lingua galega como posicionamento e valor de mercado

Modera: Alba Nogueira

Alberto Pena, profesor titular de Historia da Propaganda e da Publicidade, Universidade de Vigo
Anxo Tato, catedrático de Dereito Mercantil, Universidade de Vigo
José María Fonseca Moretón, Bodegas Terras Gauda
Edita de Lorenzo, Asociación PuntoGal

Iván Fernández, Comunicación e Marketing de Galicia Calidade, Xunta de Galicia

Sesión da tarde

17:00 horas

Promoción de produtos etiquetados en linguas minoritarias

Juan Manuel Corbacho Valencia, vicerreitor do campus de Pontevedra e profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Universidade de Vigo

18:00 horas

Mesa redonda

Marca e etiquetaxe en lingua galega

Modera: Enrique Sáez Ponte

Patricia Sánchez Lorenzo, Leite Noso
Lito Andión, Cooperativa Hoxe
Adriana Freire, Dinahosting
Francisco Kike Piñeiro, A Horta do Obradoiro

20:00 horas

Clausura

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

COLABORA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

COORDINA

Rosario Álvarez

Rosa Aneiros

Manuel Gago

Xosé López García

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA

